

OBXETIVOS DIDÁCTICOS



A minaría é un sector fundamental para a economía de Galicia aínda que pouco coñecido e, en ocasións, pode resultar polémico.

O obxectivo prioritario deste material é, por tanto, dar a coñecer o sector da minaría e a súa importancia para Galicia, explicando aos escolares o seu valor a través dos seguintes contidos:

- Explicar o funcionamento do ciclo mineiro, da importancia de desenvolver unha labor investigadora sobre os posibles recursos e a súa explotación, así como da posterior rehabilitación da área explotada.
- Destacar a utilidade dos produtos mineiros, dando a coñecer a gran variedade de usos e aplicacións que teñen na nosa vida diaria.
- Destacar o papel fundamental do sector mineiro no tecido industrial galego, pola riqueza que representa, os postos de traballo que proporciona e a súa importancia para fixar poboación en zonas rurais.
- Fomentar o espírito crítico de alumnos e alumnas, contribuíndo á formación dunha opinión propia baseada no contraste da información.

PARA MÁIS INFORMACIÓN:

www.camaramineira.org

www.minariasostible.gal

Minaría Sostible de Galicia

Unha iniciativa para a promoción do sector mineiro a través da investigación e a divulgación



CÁMARA OFICIAL
MINEIRA DE GALICIA

co patrocinio de:



XUNTA
DE GALICIA

MANUAL DOCENTE coñece a



minaría de Galicia

EDUCACIÓN
SECUNDARIA
2018-19



Minaría Sostible
de Galicia

QUE É A CÁMARA MINEIRA

A **CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA (COMG)** é una corporación de dereito público e un órgano consultivo dos poderes públicos, tutelada pola Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

A COMG representa ao sector industrial da minaría en Galicia, no que se inclúen os subsectores dos áridos, as augas minerais, os balnearios, a cerámica, os produtos enerxéticos, os minerais metálicos, o granito ornamental, a lousa e as rochas industriais. **O OBXECTIVO** é procurar un mellor aproveitamento dos nosos recursos xeolóxicos para maximizar os seus beneficios para o conxunto da sociedade galega.

UN SECTOR EXTRATÉXICO

Os recursos xeolóxicos son todos aqueles bens naturais que se extraen directamente da terra. Son materiais de dominio público que forman parte da nosa riqueza, constituíndose nas materias primas utilizadas na maior parte da industria, da enerxía e da construción.

A minaría de Galicia aproveita os recursos de maneira **RACIONAL, ORDENADA e EFICIENTE** para causar un mínimo impacto no medio ambiente. A investigación e o aproveitamento dos recursos xeolóxicos está, na maioría dos casos, declarada de utilidade pública debido ao seu impacto na economía e o emprego. A execución destas actividades está levada a cabo por iniciativas privadas, mediante concesións ou autorizacións, e baixo a estrita supervisión e control da Administración.



A QUEN Vai DIRIXIDO



As actividades van dirixidas a escolares de Educación Secundaria.

DESCRIPCIÓN DO LIBRO



A través deste material didáctico, a Cámara Oficial Mineira de Galicia trata de ofrecer unha visión moderna e realista do sector, facilitando aos docentes contidos e actividades, que axuden aos estudantes a completar a perspectiva académica que xa coñecen e fomenten o debate nas aulas.

Galicia conta cunha traxectoria histórica moi importante en relación coa actividade mineira, sendo un sector estratéxico na comunidade. Rochas e mineiros son imprescindibles no mundo moderno, e, sen eles, a sociedade do benestar na que vivimos non sería posible. Aprender a valoralos e comprender que é necesario extraelos para poder utilízalos é esencial para que o sistema sexa sostible a longo prazo, evitando comprometer o futuro das novas xeracións.

A minería de Galicia é una actividade sostible e que se encadra dentro da economía circular. A extracción mineira non é un problema para a conservación, senón que pode ser unha oportunidade. As modificacións do terreo causadas pola minería propiciaron a aparición de novos ecosistemas (zonas húmidas ou acantilados) que permitiron o asentamento de novas especies e un aumento da biodiversidade.